



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Aprobación definitiva do mapa estratéxico de ruído no termo municipal da Coruña

ANUNCIO

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2024, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Expte. 541/2023/1933

Asunto: Aprobación definitiva do Mapa Estratéxico de Ruído do termo municipal da Coruña (4ª Fase).

Prevía deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

PRIMEIRO.- Entender definitivamente aprobado o Mapa Estratéxico de Ruído do Termo Municipal da Coruña, correspondente á IV Fase, segundo o establecido na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e de acordo co procedemento previsto no artigo 10 da vixente Ordenanza de ruído da Coruña, logo de ter transcorrido o período de información pública sen que se recibise ningunha alegación, observación ou suxestión ao documento inicialmente aprobado. O contido íntegro do Mapa Estratéxico do Ruído está dispoñible en formato papel nas oficinas de Medio Ambiente, sitas na rúa Pedro Ferrer, s/n – Edificio Casa da Auga, 5.ª planta, así como en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente.

SEGUNDO.- Remitir copia do Mapa Estratéxico do Ruído do Municipio da Coruña á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, organismo encargado da súa remisión á Administración Xeral do Estado, co obxecto de cumprir coas obrigas de información á Comisión Europea.

TERCEIRO.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

E para que conste, expido a presente certificación, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

A Coruña, 26 de setembro de 2024

O Concelleiro de Economía e Planificación estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2024/6744